

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

Composición histórica: A revolución rusa (6 puntos)

A partir dos seguintes documentos explica brevemente o desenvolvemento da revolución rusa e as súas consecuencias inmediatas. Non se trata de que resumas os documentos, nin que analices illadamente cada un deles, senón de que elabores un comentario persoal ténndoos en conta e completes esa información con outros datos que coñezas.

Documento 1. En abril de 1917, á volta do seu exilio, Lenin expón as súas teses sobre a nova política a que debe seguir o Partido Bolchevique:

"2. O característico do momento actual en Rusia é o paso da primeira etapa da revolución, que deu o poder á burguesía por carecer o proletariado do grao preciso de conciencia de clase e de organización, á súa segunda etapa, que debe poñer o poder nas mans do proletariado e dos sectores pobres dos campesiños ...

3. Nin o menor apoio ó goberno provisional: demostrar a falsidade absoluta de todas as súas promesas, singularmente as tocantes á renuncia ás anexións. Desenmascarar a este goberno, que é un goberno de capitalistas, en vez de esixir que deixe de ser imperialista, cousa inadmisíble e que non fai máis que espertar ilusións...

4. Recoñecer que na maior parte dos soviets de deputados obreiros, o noso partido está en minoría... fronte ó bloque de todos os elementos pequeno burgueses e oportunistas... Mentras estemos en minoría, faremos unha labor de crítica... propugnando ó mesmo tempo, a necesidade de que todo o poder do Estado pase ós Soviets de deputados obreiros...

R. Villares, *Historia do mundo contemporáneo, textos escollidos*, Vigo, Ed. Galaxia, 1989, p. 153.

Documento 2. Proclama dirixida polo Comité Militar Revolucionario aos comités do Exército e aos Soviets de Deputados Soldados o 26 de outubro de 1917:

"A guarnición e o proletariado de Petrogrado derrubaron o Goberno de Kerenski, que se sublevou contra a revolución e o pobo...

O Comité Militar Revolucionario pón en coñecemento do Exército na fronte e na retagarda e chama os soldados revolucionarios a vixiar a conduta do persoal de mando. Os oficiais que non se adheriron franca e abertamente á revolución deben ser arrestados inmediatamente como inimigos.

O Soviet de Petrogrado ve o programa do novo poder na proposta inmediata dunha paz democrática, na entrega inmediata das terras dos latifundistas aos campesiños, na entrega de todo o poder aos Soviets e na honrada convocatoria da Asemblea Constituínte..."

John Reed, *Diez días que estremecieron al mundo*, Madrid, Ed. Akal, 1982, p. 355.

II. Preguntas (responder unicamente 2 preguntas: cualificación máxima 2 puntos cada unha)

- 1) A importancia do ferrocarril na industrialización
- 2) A Primeira Guerra Mundial: consecuencias do conflito para Europa
- 3) O nazismo alemán
- 4) A situación do Terceiro Mundo: neocolonialismo e subdesenvolvemento.